



Estimados estudantes:

Desexo darvos a benvinda ao curso académico 2021-2022; moi especialmente se sodes alumnos de nova incorporación e integrádesvos na UNED por primeira vez. Desde este momento, tanto eu mesmo, como todo o equipo administrativo e docente do Centro Asociado á UNED en Ourense, poñémonos ao voso servizo. Tanto devandito Centro Asociado como a aula Universitaria de Valdeorras, na Rúa, que forma parte del, contan cunha serie de servizos e de recursos que vos serán de suma utilidade académica, profesional e persoal: Secretaría (Ourense), Biblioteca (Ourense); Aulas de informática (Ourense), Centro de Orientación e Información ao Estudante (COIE) (Ourense); Probas presenciais: só en Ourense.

Comunicovos que a data de comezo das titorías fixouse para o luns, 4 de outubro. De acordo coas instrucións do Vicerreitorado de Centros Asociados e co Plan de Adaptación do Ensino curso 2021-2022 da UNED, as titorías impartiranse presencialmente no Centro Asociado e a súa Aula de Valdeorras, e emitiranse ao mesmo tempo de forma telemática a través de INTECCA ou TEAMS.

En consonancia cos protocolos sanitarios, continuamos limitando o aforo das diferentes aulas de UNED Ourense co fin de manter a debida distancia de seguridade. O aforo de aulas queda como segue:

AULAS	PRAZAS	AULAS	PRAZAS	AULAS	PRAZAS	AULAS	PRAZAS
AULA 1	20	TITORÍA 1	6	TITORÍA 8	5	TITORÍA 13	3
AULA 2	20	TITORÍA 3	3	TITORÍA 9	5	TITORÍA 14	2
AULA 3	20	TITORÍA 5	4	TITORÍA 10	4	SALÓN DE ACTOS	25
AULA 4	9	TITORÍA 6	5	TITORÍA 11	4	AUDIOVISUAIS	14
AULA 5	7	TITORÍA 7	6	TITORÍA 12	2		

Esta táboa inclúese na web [www.unedourense.es](http://www.unedourense.es) así como na porta de cada sala.

Para acceder ás instalacións de UNED Ourense, é obrigatorio o uso da máscara. Hai varios puntos de subministración dun produto desinfectante. Recoméndase non



JESÚS MANUEL GARCÍA DÍAZ  
DIRECTOR

Torres do Pino, s/n, 32001-Ourense  
director@ourense.uned.es  
Tf: 988 371444  
www.unedourense.es

permanecer nos corredores e gardar a debida distancia de seguridade en todo momento. Sempre circularemos pola dereita.

Comunícovos que tanto a Biblioteca como a Sala de Estudo prestarán servizo presencial como antes da pandemia, sempre gardando as distancias.

Os días 28 e 29 de setembro serán dúas xornadas de portas abertas, que este ano inclúen senllas conferencias ás 19.00 horas, e poderedes seguias presencialmente no noso salón de actos ou ben en liña a través de INTECCA. Para quen es novos na nosa Universidade, facilítovos unha ligazón no que poderedes inscribivros de balde: <https://extension.uned.es/actividad/idactividad/25307>

Con iso, pretendemos axudarvos a sacar o máximo partido ao voso tempo de estudo, indicando estratexias e técnicas de planificación e organización do tempo de aprendizaxe e habilidades que esperamos contribúan a que desenvolvedes con éxito a vosa formación académica na UNED. Para manterse ao tanto destas e outras actividades, é fundamental consultar o voso propio correo de estudante, e tamén da web do Centro Asociado de Ourense: [www.unedourense.es](http://www.unedourense.es) así como as redes sociais:

<https://twitter.com/UNEDOurense>

<https://www.facebook.com/unedourense>

<https://www.instagram.com/unedourense/>

Un cordial saúdo

En Ourense, na data da firma